



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 20 de abril de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

3.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MÉNENDEZ (FASE II). EXPTE. 4095/440.

Dáse conta da proposta de data 7/04/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de abril de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4.095-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluír aos licitadores que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo o informe asinado pola enxeñeira industrial e o enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 31 de marzo de 2017:

- 1. UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.*
- 2. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” na seguinte orde descendente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	<i>CIVIS GLOBAL, S.L.U.</i>	<i>94,15</i>
2	<i>EXTRACO, S.A.</i>	<i>92,62</i>
3	<i>AVAN INTEGRAL, S.L.</i>	<i>92,31</i>
4	<i>ORECO, S.A.</i>	<i>91,09</i>
5	<i>MISTURAS, S.A.</i>	<i>91,04</i>



	Empresas	Puntuación
6	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	90,17
7	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	89,52
8	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	89,06
9	COPCISA, S.A.	86,67
10	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	85,37
11	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	82,62
12	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	76,09

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.029,96 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.

